

MODELO DE COMENTARIO DE TEXTO

Bos amores

Cal olido de rosas que sai de antre o ramaxen
nunha mañán de maio, hai amores soaves
que n'inda vir se sinte, nin se ve cando entraren
pola mimosa porta que o corazón lles abre

de seu, cal se abre no agosto
a frol ó orballo da tarde.

E sin romor nin queixa, nin choros, nin cantares,
brandos así e saudosos, cal alentar dos ánxeles,
en nós encarnan puros, corren coa nosa sangue
i os ermos reverdecen do espírito onde moraren.

Busca estes amores..., búscalaos,
si tes que chos poida dare;
que éstes son sóio os que duran
nesta vida de pasaxen.

Rosalía de Castro. *Follas novas*, 1880.

I) Introducción

Este poema forma parte da segunda obra en galego de Rosalía de Castro, *Follas novas*, e, dentro dela, está incluído en “Do íntimo”, que contén composicións que concentran os sentimentos máis íntimos da voz lírica.

Rosalía de Castro é a autora que inaugura a literatura galega contemporánea. Ela foi a primeira en publicar un libro enteramente en galego no século XIX: *Cantares gallegos*, en 1863 e forma parte, xunto con Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal, dos autores do Rexurdimento, nome co que se denomina o período da literatura galega que vai desde a publicación de *Cantares Gallegos* até a creación das Irmandades da fala, en 1916.

II) Contido

O tema da composición fica xa esclarecido desde o título e trátase dun canto ao que a voz lírica considera os “bos amores”, aqueles polos que paga a pena vivir.

Desde o punto de vista do contido, poderíamos dividir o texto en dúas partes: unha primeira que iría desde o primeiro verso até o verso dez, e unha segunda que incluíría os catro últimos versos. Esta división atende tanto ao contido como á estrutura morfosintáctica.

Na primeira parte, descríbese como chegan eses amores: “cal olido de rosas que sae de antre o ramaxen”, “sin romor nin queixa”, “brandos”, “cal alentar dos ánxeles”. Esta descrición da chegada complétase co efecto que causan “no espírito onde moraren”: “corren coa nosa sangue / i os ermos reverdecen”. Un positivismo amoroso, acompañado pola natureza, que fai que a voz lírica nos anime, na segunda parte (do verso 11 ao final), a buscar eses amores. Unha segunda parte que, como adiantabamos, tamén se marca

morfologicamente polo emprego de imperativos, que contrastan cos verbos do indicativo e, por veces, co uso de verbos impersoais, da primeira parte.

III) Forma

Desde o punto de vista da forma, o poema consta de catorce versos, de arte maior a meirande parte deles e con medida desigual, isto é, con versolibrismo e sen división estrófica, mais organizado en catro bloques: os primeiros catro versos, os dous seguintes, os catro seguintes e os catro últimos. De todos eles, o que máis sentido formal ten son os catro últimos versos, que tamén forman un bloque de contido: unha cuarteta que rima – a – a en asonante (a e), unha rima que atopamos todo ao longo da composición: nos versos 1, 3, 4, 7, 9 e 10.

No tocante aos recursos estilísticos, atopamos xa ao comezo, unha comparación dos bos amores cun “olido de rosas / nunha mañá de maio”. Unha descrición apracible que fai que o corazón personificado lles abra a porta. E que introduce a seguinte comparación, a da porta do corazón que se abre “cal no agosto a flor ó orballo da tarde”. Non será a última, podendo atopar outra na que se nos comparan as boas sensacións destes amores co “alentar dos ánxeles”. Todo un cúmulo de boas sensacións que completan a composición.

IV) Opinión persoal

A miña opinión persoal sobre este poema é que Rosalía nos ofrece un canto ao amor, un dos sentimentos máis universais e intensos na vida do ser humano. A autora ofrécenos, entre este poema e o que o segue no libro (“Amores cativos”) unha visión completa dos posibles amores: os ruíns (“tóxicos”, que diríamos hoxe), dos que cómpre fuxir, e os “Bos amores”, os desta composición, que son os que cómpre procurar.